



Santiago de Compostela, 8 de novembro de 2010

PREVISIÓN INFORMATIVA

ASUNTO	Conferencia “A vida social en Compostela nos tempos da Casa da Troia”
ORGANIZA	Museo Casa da Troia
RELATOR	Francisco Durán <i>profesor de Xeografía Humana da USC</i>
LUGAR	Aula 7 da Facultade de Historia da USC <i>praza da Universidade, nº 1 –Santiago–</i>
DATA	Martes, 9 de novembro
HORA	20:00 horas

O Museo Casa da Troia recibiu 3.464 visitas en tres meses e medio

O Museo Casa da Troia acumula 3.464 visitas dos cinco continentes. A cifra correspóndese co período 15 de xullo, data da súa reapertura, a 31 de outubro. Polo tanto, en tres meses e medio presenta unha media de 38 visitantes diarios. O presidente da Asociación de Antigos Tunos Composteláns –entidade que xestiona o museo–, Benigno Amor, afirma que “a Casa ten visitas continuamente, practicamente sen tempos mortos, o que dá idea da extraordinaria rendibilidade social, turística e cultural que deu abrila ao público, aínda que só fosen uns meses”. O financiamento comprometido pola Xunta de Galicia, o Concello e a Universidade de Santiago, sumado ao que se obtén polas entradas e as cotas dos troianos, chega ata o 15 de Nadal, data en que pechará, con idea de volver a abrir en 2011, segundo explica Benigno Amor. Das 3.464 persoas que pasaron polo museo, 572 son estranxeiros, dos que 322 son dalgún país europeo.

Saúdos

Prensa Museo Casa da Troia
Vía Láctea_981 55 44 07

Benigno Amor_661 651 235
Presidente da Asociación de Antigos Tunos Composteláns